

DE CABO SAN ADRIÁN A TRABA DE LAXE

A COSTA DA MORTE NA COMARCA DE BERGANTIÑOS

por *Elvira Cienfuegos*

Litoxía e tectónica condicionan a configuración da costa galega e, cabo da acción do mar, determinan unha gran variedade de formacións litorais de singular valor paisaxístico: rías, lagoas litorais, acantilados, illas,... Nos escasos quilómetros que separan o Cabo San Adrián de Traba de Laxe atópase unha nutrida representación das formacións máis características da nosa costa: unha ría, a de Corme-Laxe, formada polo río Anllóns que antes de se deitar no mar ha de salvar unha flecha ou barra litoral, os acantilados de San Adrián e as Illas Sisargas, a praia de Balarés, a lagoa e as dunas de Traba,...



Illas Sisargas

Pola estrada de Carballo a Malpica avístase á dereita Monte Neme, esnaquizado pola explotación (agora abandonada) de wolfram e estaño, de importancia capital durante a 2ª Guerra Mundial (disque preto do cumio, o máis alto da costa bergantiñá, houbo un cromlech: Eira das Meigas)


Logo, pásase entre as primeiras casas de Buño, parroquia malpicá coñecida desde antigo pola súa alfarería; e, deseguida, unha fábrica de tellas e ladrillos: a arxila, extraída «a pé de obra», segue a ser protagonista.

«Vila da vida na Costa da Morte», Malpica, unha poboación que se estende desde os altos dun peñón (A Atalaia) ata máis alá do istmo que a une a terra firme. Vese a súa cara oeste desde a pista que leva ó cumio do Monte Beo; coa súa praia extensa, seguida da de Seaia, con dunas, e, entre ambas, altos cantís e manifestas furnas. Unha pista descende pola dereita cara a explanada onde se ergue a ermida de San Adrián, un santo milagreiro que conta co popular recoñecemento, ben patente o día da súa festa. Hai, desde a ermida, carreiros que levan a vila e outros, que, entre toxos,

conducen ó **Cabo San Adrián**, beireando os altos e fragmentados acantilados, acougo de corvos mariños e de gaivotas. É, ademais, o Cabo importante punto de observación da migración outonal das **aves** mariñas. Desde el ou desde o alto poden contemplarse as **Illas Sisargas** (Grande, Malante e Chica), nas que crían milleiros de parellas de gaivota clara e algunhas de gaivota escura; pero o interese ornitolóxico das illas radica noutras especies: alí aniñan araos, corvos mariños,... e a gaivota tridáctila, que ten nos seus cantís practicamente o único punto de cría de toda a península.

Presenta a Illa Grande, granítica, unha superficie de aplanamento a uns 100 metros e sobre o Cabo poden observarse distintos niveis de **rasa**, de interese para o estudio da evolución do Cuaternario. Os materiais que afloran no enclave, **ortogneises** (os mesmos que conforman as Illas Malante e Chica), constitúen outro dos atractivos do lugar, que conta tamén coñ curiosas pías -popularmente atribuídas a pisadas do Santo).

De novo pola estrada Malpica-Ponteceso, deixando á



dereita a desviación que leva a Barizo e A Seiruga, chégase a **Mens**: as **Torres** non permiten dúbidas. A fortaleza, sita nun outeiro e recentemente restaurada, parece datar do século XV, construída polos Moscoso para defenderse da mitra compostelá. Consta de tres torres cuadradas que destacan sobre o recinto amurallado, no interior do cal se agocha unha casa de pedra con patín. Á outra marxe da estrada a parroquia conserva unha **igreja** de estilo románico compostelán do século XII, con fermosa porta Sur, curiosos canzorros e unha interesante colección de capiteis, algúns historiados.

Despois de pasar Cores (que garda na súa casa rectoral restos arqueolóxicos da zona), chégase deseguida a **Ponteceso**, na beira do río Anllóns: logo de case 70 km de percorrido, o río camiña maino ó seu encontro co mar por un curso chau arrodado de xuncais e espadanas. Preto da ponte está a casa de **Eduardo Pondal**, o bardo bergantiñán. E a poucos metros dela -pola estrada a Corme-, cabo dunhas grades de madeira e das areiras que ata hai pouco faenaban no río (para mortificación de mariscadores, ecoloxistas e outros), hai un carreiro que, seguindo a marisma que arrodea o río, vai dar a unha pista que desemboca na Barra: antes de que as súas augas se fundan coas do mar, o río Anllóns ha de seguir a estreita canle que deixa unha **flecha areosa, A Barra**, que se interna nas augas pechando en boa parte a foz do río.

Campo de dunas, móbiles e fixas, que se estende cara terra firme formando o insólito **Monte Blanco** e penetra nas augas a xeito de lingua. Detrás queda a ensenada de Insua: pesca e marisqueo danse cita cunha grande diversidade de **aves** -moitas migratorias- e algún que outro mamífero carnívoro.

Atravesando a Barra e seguindo pola beira dos cantís vaixe dar á **praia de Balarés**, coas areas ricas en ilmenita e precedida dun piñeiral con mesas e bancos de pedra. A estrada que dela leva a Ponteceso facilita o acceso ó **cumio do Monte Blanco**, un afloramento granítico con profusión de **pías**, excelente miradoiro para unha percepción significativa do conxunto: o río e a marisma, a ensenada e a Barra, as praias e os cantís, a poboación diseminada polos contornos, os montes e

os cultivos,... E na abertura da ría as vilas mariñeiras de Corme e Laxe.

De Balarés a Ponteceso, e desde este a Cabana e Laxe: a estrada brinda novas e diferentes vistas sobre a ría.

Laxe conserva a casa de D. Isidro **Parga Pondal**, insigne xeólogo galego e fundador do Laboratorio Xeolóxico de Laxe -que hoxe funciona en O Castro (Sada). Aínda quedan restos do embarcadero de caolín, outrora importante recurso da zona, e na vila paga a pena visitar a igrexa e máis a casa do Arco, ambas do século XVI.

En dirección a Baio e collendo logo cara Camariñas, chégase a **lagoa de Traba**, lagoa litoral separada do mar por unha barra de dunas, moitas delas colonizadas. Ós seus valores ecolóxicos e xeomorfolóxicos súmase a proximidade dunha cadea de montes graníticos, os Penedos de Traba, que dan ó conxunto un especial atractivo. A recente e controvertida concentración parcelaria das terras colindantes á lagoa destragou a relativa estabilidade do enclave.

A xeito de remate, cómpre visitar, no concello de Cabana, o **dolmen de Dombate**, un dos máis importantes de Galicia, e máis o **castro de Borneiro**, «a cidá», que data do 500 antes de Cristo e que conserva, parcialmente, muros, foxo e casas de distintas formas. ■